

CRITERIOS DE PROMOCIÓN 1º, 2º e 3º DE ESO

A) Promoción automática:

- Alumnado que supere todas as materias ou ámbitos.
- Alumnado con avaliación negativa nunha ou dúas materias.

NOTA. Serán consideradas para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores.

B) Promoción por **decisión do equipo docente** (deberán cumprirse **todas** as condicións seguintes):

a) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.

b) Que o equipo docente considere que **a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte**.

- Como norma xeral, considerarase que polo seu carácter instrumental e pola repercusión que teñen na adquisición doutras competencias básicas, **o alumnado que non supere simultaneamente LCL, LGL e MAT non promocionará ao curso seguinte**.

c) Que o equipo docente considere que ten **expectativas favorables de recuperación**.

d) Que o equipo docente considere que **a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica**.

- Porque o nivel de madurez do alumno/a é o suficiente para afrontar o curso seguinte.
- Porque circunstancias de índole persoal e/ou familiar dificultaron a superación do curso.

Oleiros, 11 de marzo de 2022

A directora

CRITERIOS DE TITULACIÓN 4º ESO

A) Titulación automática:

- Alumnado que supere todas as materias ou ámbitos.

B) Titulación **por decisión do equipo docente** (deberán cumprirse **todas** as condicións seguintes):

a) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa **igual ou superior a cinco**.

b) Que a xuízo do equipo docente **a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas**.

c) Que a xuízo do equipo docente **a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa**.

Oleiros, 11 de marzo de 2022

A directora

CRITERIOS DE TITULACIÓN BACHARELATO

A) Titulación automática:

- Alumnado con avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.

B) Titulación excepcional (por decisión do equipo docente):

- Cunha materia suspensa sempre que se cumpran ademais **todas** as condicións seguintes:
 - a) Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
 - b) Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia.
 - Establecer como **porcentaxe máxima de faltas de asistencia non xustificadas** durante todo o curso escolar o **30% das sesións impartidas de cada materia**.
 - c) Que **a alumna ou o alumno se presentou ás probas** e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, **incluídas as da convocatoria extraordinaria**.
 - d) Que a **media aritmética** das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa **igual ou superior a cinco**. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.

Oleiros, 11 de marzo de 2022

A directora